

Orde do 4 de febreiro de 1994 pola que se resolve declarar de interese galego á Fundación Novas.

Visto o expediente tramitado a instancia da proxecta da *Fundación Novas* para a súa declaración de interese galego e conseguinte inscrición no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia.

Resultando que a Consellería da Presidencia e Administración Pública pola súa Orde do 28 de decembro de 1993, (DOG nº 10, do 17 de xaneiro de 1994), clasificou como benéfico-docente a citada fundación e adscribiuna a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Vista a Lei 7/1983, do 22 de xuño, de réxime das fundacións de interese galego, modificada pola Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da Lei 7/1983; así como o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, aprobado polo Decreto 248/1992, do 18 de xuño, e demais disposicións de xeral e pertinente aplicación.

Considerando que a correspondente escritura fundacional e de aprobación dos estatutos é conforme co establecido nos artigos 5, 6 e 7 da Lei 7/1983, do 22 de xuño, (DOG nº 89, do 20 de xullo de 1983), e co previsto no artigo 30 do seu actual regulamento, antes citado, (DOG nº 161, do 19 de agosto de 1992).

Considerando que os fins e demais elementos organizativos da *Fundación Novas* cumpren os requisitos e condicións sinaladas no artigo 1 da mencionada Lei 11/1991, (DOG nº 219, do 12 de novembro de 1991), para a súa declaración de interese galego.

Considerando que o artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de acordo coas leis.

Considerando que o presente expediente foi promovido por persoa lexitimada para isto, e que na súa tramitación se cumpriron os requisitos legais regulamentarios esixidos pola lexislación autonómica en materia de fundacións de interese galego.

Esta consellería, consonte co disposto no artigo 32.3º do devandito regulamento, e en harmonía co informe da asesoría xurídica deste departamento,

RESOLVE:

Primeiro.—Declarar de interese galego a *Fundación Novas*, coa conseguinte aprobación dos estatutos e dos demais aspectos recollidos na orde de clasificación publicada no DOG do 17 de xaneiro de 1994.

Segundo.—Ordena-la súa inscrición no rexistro auxiliar de fundacións deste protectorado, logo de publicación da presente orde no *Diario Oficial de Galicia*; tendo esta publicación e inscrición o carácter constitutivo que determinan os artigos 33.3º do Decreto 248/1992 e o 8 da Lei 7/1983.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 1994.

Juan Piñeiro Permy
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

CONSELLERÍA DE INDUSTRIA E COMERCIO

Resolución do 30 de setembro de 1993, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se autoriza e se aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Expediente número 52.513).

Visto o expediente incoado pola empresa *Covianzo, S.L.*, con enderezo na r/ Juan Hurtado de Mendoza, 4, Madrid, para a autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución da instalación que segue:

Proxecto de planta de coxeración de aire quente e enerxía eléctrica en *Caolíns de Vimianzo, S.A.*, en Vimianzo, consistente en:

Un motor diésel de 8 cilindros alimentado con fuel-oil número 1, de 5.760 kW de potencia a 500 r.p.m.

Xerador trifásico asíncrono de 7.500 kVA de potencia aparente, a 6.300 V de tensión.

Transformador de potencia de 8.000 kVA e tensión de 6,3/20 kV.

Transformador servicios auxiliares de 50 kVA e tensión de 6,3/0,380 kV.

Aparellos de protección, mando e sinalización e medida, concello de Vimianzo.

Cumpridos os trámites ordenados nos capítulos III e IV do Decreto 2.617/1966, do 20 de outubro, sobre autorización de instalacións eléctricas, esta delegación provincial resolve,

Autorizar e aproba-lo proxecto de execución da devandita instalación, nas que as características se axustarán en tódalas súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

A Coruña, 30 de setembro de 1993.

Juan Ignacio Lizaur Otero
Delegado provincial da Coruña

CONSELLERÍA DE CULTURA

Resolución do 27 de xaneiro de 1994 pola que se autoriza a organización de feiras do libro na Comunidade Autónoma de Galicia.

Vista a solicitude presentada pola Federación de Libreros de Galicia, ó abeiro do Decreto 466/1990, do 27 de setembro, polo que se regulan as feiras do libro en Galicia, a Consellería de Cultura, en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 10 do citado decreto, e tendo en conta a proposta da Dirección Xeral de Cultura, resolveu: